

# CUBA, ÁFRICA E AS DESCOLONIZACIÓNS

Xaquín Bermello Corominas<sup>1</sup>  
Universidade de Santiago de Compostela  
<https://orcid.org/0000-0002-3965-6707>

## INTRODUCCIÓN

A entrada do ano de 1966 asistiu á celebración da Conferencia Tricontinental na cidade de La Habana. O primeiro ministro cubano, Fidel Castro, afirmaba durante o seu discurso:

El mundo es grande y los imperialistas están en todas partes, ¡y para los revolucionarios cubanos el campo de batalla contra el imperialismo abarca a todo el mundo! [...] Así entendemos los revolucionarios cubanos nuestro deber internacionalista; así entiende nuestro pueblo sus deberes, porque entiende que el enemigo es uno, el mismo que nos ataca a nosotros en nuestras costas y en nuestras tierras, el mismo que ataca a los demás. ¡Y por eso decimos y proclamamos que con combatientes cubanos podrá contar el movimiento revolucionario en cualquier rincón de la Tierra!<sup>2</sup>

Naquel momento Ernesto Guevara atopábase entre a capital tanzana, Dar es-Salaam, e Praga, tras un desafortunado intento por crear un foco guerrilleiro no centro do continente africano. Un ano despois enviaba unha mensaxe á organización que xorde da Conferencia Tricontinental (Guevara, 1967: 489-498). Nela sinala as débiles amarras que a «paz precaria» da posguerra mundial tiña en Vietnam, Oriente Medio, as colonias portuguesas, Rhodesia, Sudáfrica ou Bolivia, é dicir, naqueles lugares onde era cuestionable a concepción «Fría» da mal presentada como confrontación entre bloques.

Na Tricontinental déronse cita 83 delegacións latinoamericanas, africanas e asiáticas, con 513 delegados, 64 observadores e 77 convidados. Os representantes africanos contaban co African National Congress (ANC) de Sudáfrica, o South West Africa National Union (SWANU) de Namibia, o Movimento Popular de Libertação de Angola (MPLA), o Conventions People's Party (CPP) de Ghana, o Parti Démocratique Guinéen (PDG), o Partido Africano da Independência da Guiné e Cabo Verde (PAIGC), a Frente de Libertação de Moçambique (FRELIMO) e representantes de países como os dous Congos e Tanzania, por citar aos máis relevantes para Cuba. Facían un total de 27 delegacións e 150 delegados.

A reunión de forzas en La Habana para a Tricontinental serviulles aos cubanos, entre outras cousas, para coñecer ao líder do PAIGC Amílcar Cabral. Portugal levaba cinco anos nunha guerra contra un tridente de organizacións antiimperialistas de inspiración marxista das que o PAIGC era unha. Outra delas era o MPLA, máis coñecida pola guerra civil que dez anos despois da Tricontinental librou en alianza con Cuba contra as guerrillas rivais e o exército sudafricano do apartheid. A terceira e última, a FRELIMO, completa as organizacións que serán de maior interese para o presente traballo.

Polo tanto, coa Conferencia Tricontinental como punto final, este traballo propónse realizar un percorrido pola relación entre a revolución cubana e o escenario anticolonial e antiimperialista africano, con especial atención ás tres organizacións que loitaban contra o colonialismo portugués. A base da que parte o traballo son os estudos sobre a exposición internacional da revolución cubana: investigacións como a de Dirk Kruijt sobre a relación coa esquerda latinoamericana (2017), de Rafael Rojas coa Nova Esquerda estadounidense (2016) ou de Kepa Artaraz coa Nova Esquerda europea (2011). Especialmente importantes serán os que aborden a relación cubana co mundo afroasiático, con mención especial ao traballo de Piero Gleijeses (2007). O traballo interrogará aos axentes e aos escenarios protagonistas sobre a existencia dun marco cultural revolucionario común de inspiración cubana. Para este cometido son importantes os estudos

<sup>1</sup> Traballo realizado no marco do Grupo de Investigación HistAmérica, USC (Xunta de Galicia, GPC 2020-2022) e do proxecto PID2019-105657GB-I00, do Ministerio de Ciencia e Innovación.

<sup>2</sup> «Discurso pronunciado por el Comandante Fidel Castro Ruz, Primer Secretario del Comité Central del Partido Comunista de Cuba y Primer Ministro del Gobierno Revolucionario, en el acto clausura de la Primera Conferencia de Solidaridad de los Pueblos de Asia, África y América Latina (Tricontinental), en el teatro Chaplin, La Habana, 15 de Enero de 1966» [<http://www.cuba.cu/gobierno/discursos/1966/esp/150166e.html>]

xurdidos nos anos noventa sobre movementos sociais (Snow e Benford, 1992; Tarrow, 1994; McAdam, McCarthy e Zald, 1996; González Calleja, 2017) e as máis recentes propostas de análise sobre as onadas de violencia política (González Calleja, 2009; Martín e Rey, 2012, 2018).

Indagar sobre a relación entre a revolución cubana e o antiimperialismo africano é un intento por entender os lazos existentes entre dous escenarios de desenvolvemento de movementos sociais semellantes. Comprobar a existencia de marcos culturais e ideolóxicos compartidos por ambas partes dotará dun maior sentido a eventos como a Tricontinental e ensanchará o noso coñecemento sobre as descolonizacións, o Terceiro Mundo, a esquerda armada e os conflitos mal chamados periféricos da época da Guerra Fría. Estes marcos comúns determinan as oportunidades políticas e as estruturas de mobilización e organización dos movementos sociais, pois sen eles non podemos explicar a aparición de grupos que imitan ou seguen o que outros fixeron con éxito. Dificilmente poderían contextualizarse as motivacións e expectativas para, por exemplo, iniciar un foco guerrilleiro sen existir detrás unha cultura revolucionaria que o sustente. Polo tanto, son os marcos de interpretación da realidade os que permiten crear unha comunidade transnacional imaxinada en torno á identificación dun inimigo común (antiimperialismo), ao enfrontamento e a toma do poder (loita armada revolucionaria) e ao horizonte político de transformación (socialismo).

As propostas introducidas no debate historiográfico polas onadas de violencia política son moi adecuadas para comprender como se crea, expande, aprende e evoluciona o marco cultural revolucionario cubano, entendéndoas como ciclos de actividade nun período de tempo concreto, promovidas por eventos políticos transformadores, con presenza en múltiples países e con ideoloxías mobilizadoras compartidas (González Calleja, 2017: 80; Martín e Rey, 2018: 25). Nas onadas un dos elementos centrais é o *ethos* revolucionario, o mutuo recoñecemento a través dunha cultura común de individuos e grupos de contextos sociopolíticos e xeográficos diferentes (Martín e Rey, 2012: 6).

Complementando estas perspectivas pódese incluír aos diplomáticos cubanos como axentes da política cultural do seu goberno, encargados de construír redes de contactos con organizacións armadas e gobernos (Niño, 2009: 33-34). Nunha mestura de responsabilidades diplomáticas e de intelixencia, as embaixadas cubanas foron durante a metade da década dos sesenta a canle comunicativa entre cubanos e revolucionarios africanos.

## ORIXES IDEOLÓXICAS DA REVOLUCIÓN CUBANA

A revolución cubana acostúmase a ver como a consumación dun proxecto socialista mediante unha organizada e planificada proposta revolucionaria. A revisión histórica que a revolución fai de si mesma nos sesenta favoreceu esta imaxe. Sen embargo, o foco guerrilleiro elevado ao mito (González Lage, 2016: 69), teorizado por Guevara tras 1959 (Rey, 2016: 379-384) e inspirador de numerosas guerrillas latinoamericanas (Martín e Rey, 2012: 11-21) dificilmente responde ás propostas iniciais dos integrantes do Movimiento 26 de Julio (M26J). De maneira similar, tampouco existe relación directa e inevitable entre a oposición armada á ditadura de Batista e a proclamación dunha revolución socialista.

A etapa insurreccional da revolución comeza marcada pola desestimación das vías pacíficas de diálogo e a defensa da loita armada como principal elemento revolucionario (González Lage, 2016: 68; Rojas, 2015: 59-70). O seu principal defensor foi Fidel Castro, quen despois do fracaso do asalto ao Cuartel Moncada, o 26 de xullo de 1953, escribía *La historia me absolverá*. Tanto este documento como o Programa do Moncada son os primeiros exemplos das reivindicacións fidelistas e do M26J. A pesar do carácter armado defendido para a revolución, estes textos demostran conservar propostas e ideas propias da tradición opositora anterior, da que formaban parte case todos, empezando por Castro (González Lage, 2016: 55, 68; Pérez-Stable, 1993: 99).

Máis adiante, consumado o dificultoso desembarco do *Granma* e o asentamento na Sierra Maestra comezan a darse outra serie de evolucións. Todas elas viñan acompañadas de situacións favorables no enfrontamento contra a ditadura, xa fose polas vitorias da guerrilla ou pola cobertura e publicidade propiciada por medios internacionais (Calvo, 2021). En xuño consúmase a aproximación cara a liña armada e insurreccional coa unidade das forzas da Sierra e do Llano. Plasmouse nun novo programa coñecido como «Carta de la Sierra», «una manera de tender un puente entre la oposición violenta y los sectores radicales de la oposición pacífica» (Rojas, 2015: 74).

A ascensión final do M26J, da Sierra e de Castro como líderes da revolución terá lugar ao longo de 1958. En decembro do ano anterior reforzábase a postura antiimperialista da insurrección coa desautorización de Castro aos asinantes do Pacto de Miami, defendendo a soberanía nacional ante calquera sometemento a gobernos no exilio ou tutelas estranxeiras (González Lage, 2016:

59; Rojas, 2015: 77). En abril, a folga xeral non conseguía o colapso da ditadura, desnivelando definitivamente a dirección cara os que non tiveron que asumir as responsabilidades do fracaso: a Sierra e Castro (González Lage, 2016: 59-60; Rojas, 2015: 77-84).

Unha vez expulsado Batista e baixo unha masiva aclamación popular aos combatentes do Exército Rebelde, confórmasse o primeiro goberno co M26J en minoría. Castro foi nomeado primeiro ministro, ocasionando diferenzas cos sectores liberais e moderados que confiaban en poder poñer freo ás radicais reformas propostas por sectores do M26J e aclamadas entre a poboación (Kapcia, 2008: 90). A alerta tamén saltou nos Estados Unidos de América (EUA), e puxéronse en funcionamento plans de ataque á soberanía cubana e á súa poboación civil, mediante sabotaxes, insurreccións e bombardeos organizados pola CIA e outras institucións e levados a cabo por exiliados cubanos.

No verán de 1960 as empresas estadounidenses de refinaría son nacionalizadas pola revolución ante a negativa de traballar co petróleo soviético que os cubanos acababan de adquirir. A resposta en forma de bloqueo comercial é a súa vez contestada cunha nacionalización total de propiedades estadounidenses. John F. Kennedy dá luz verde á invasión organizada pola administración Eisenhower, a cal foi rapidamente repelida polo Exército cubano, pasando á historia como a invasión de Bahía de Cochinos. Foi o detonante necesario para que Castro proclamase o carácter socialista da revolución nun discurso dado o 16 de abril de 1961 (Guerra e Maldonado, 2009: 91-103). Ao bloqueo comercial sumouse o proxecto da Alianza para o Progreso liderado por Kennedy<sup>3</sup> e a expulsión da Organización de Estados Americanos (OEA) en xaneiro de 1962, ficando rexionalmente illados. As alianzas e o diálogo no continente americano tampouco as atoparían nos partidos comunistas (Rey, 2016: 377-379), senón nos numerosos movementos armados nados ao calor do seu éxito revolucionario.

Alén dun máis que necesario contexto, este repaso pola evolución histórica da insurrección e dos gobernos cubanos enmarca elementos esenciais da ideoloxía e da idiosincrasia cultural da revolución, fundamentais na comparativa cos casos expostos máis abaixo. Precisamente, durante o ano 1962 déronse certas circunstancias que fixeron crecer o interese cubano en África e no terceiro mundismo. A principios de ano, Guevara pactou un acordo militar coa URSS que remataría co traslado e instalación de mísiles e cabezas nucleares en territorio cubano. A crise diplomática e militar rematou no outono coa retirada do armamento pesado sen a intervención cubana nas conversacións de paz. Castro interpretaba que Cuba e a revolución non podían ser deixadas de lado e, a pesar de conservar os necesarios acordos comerciais cos soviéticos, a confianza cara eles diminuíu (Kapcia, 2008: 113-116).

Circulan certas teorías sobre os problemas entre Guevara e Castro ao respecto dos soviéticos que aseguran que o primeiro acabou apartado da vida pública tras o famoso discurso que pronunciou en Alxer contra o imperialismo soviético. Non son apreciacións moi atinadas pois, aínda que existiran discrepancias, a política internacional cubana separouse notoriamente da URSS, dos partidos comunistas latinoamericanos e do conflito pola hexemonía socialista no Terceiro Mundo entre a URSS e China. Pódese falar dun breve período de compromiso e revolución<sup>4</sup> iniciado coa *Segunda Declaración de La Habana*, en febreiro de 1962, na que Castro defende como misión da revolución comunista a defensa da independencia e da descolonización no Terceiro Mundo, que acada o seu cénit en xaneiro de 1966 coa Conferencia Tricontinental e que finaliza entre 1967 e 1968, cando a morte de Guevara, o fracaso do foquismo e a incipiente crise económica provocan un xiro cara a URSS.

## A REVOLUCIÓN CUBANA EN ÁFRICA

Os espazos do terceiro mundismo entran en contacto coa revolución cubana cando Castro viaxa a Nova York en setembro de 1960 para participar na Asemblea Xeral das Nacións Unidas. Alí, a delegación cubana renunciou ao seu céntrico hotel neiorquino alegando trato racista, para pasar a aloxarse no barrio do Harlem, unha decisión cargada de forza simbólica nun país con severos problemas de discriminación racial. Neses mesmos días, tras converter o seu novo hotel nun centro de ebulición mediática, recibiu aos dous líderes máis importantes do mundo anticolonial afroasiático xurdido da Conferencia de Bandung: Jawaharlal Nehru, presidente da India, e Gamal Abdel Nasser, presidente de Exipto. Tamén ao líder afroamericano Malcom X e ao presidente da URSS Nikita Jrushov (Rojas, 2015: 141). Xa no estrado das Nacións Unidas, Castro inclúe no seu discurso trazos dun tricontinentalismo que combate ao neocolonialismo, expresión do

<sup>3</sup> A Alianza para o Progreso recibiu unha severa crítica de Ernesto Guevara nunha das últimas participacións cubanas na OEA, en Punta del Este, Uruguai, agosto de 1961 (Guevara, 1974: 413-447).

<sup>4</sup> Usamos o termo acuñado por Moreno e Lardas (1979: 43-46) para o período 1961-1966.

antiimperialismo (Bouamama, 2016: 67). Estas reunións e a declaración na ONU prodúcense un mes antes da primeira gran xira polos países do bloque comunista que unha delegación cubana encabezada por Guevara leva a cabo entre outubro e decembro (González Lage, 2016: 66).

Alén da escéptica postura soviética cos sucesos na illa e da necesidade inminente que ten o goberno revolucionario por atopar socios comerciais, hai nestes primeiros anos tras 1959 outra proposta de acción a nivel internacional: a insurrección da esquerda armada noutros países. Kruijt (2017: 92-94, 99-110) sinala xa dende 1960 unha importante implicación cubana con numerosas organizacións latinoamericanas, e Martín e Rey (2012: 7-9) demostran que a insurrección cubana constituíu un evento transformador da revolución en América Latina. Porén, os seus estudos non tiveron a oportunidade de poñer o punto de mira noutros casos que, como o africano, forman parte activa e fundamental da ondada mobilizadora da esquerda armada que marcou a década dos sesenta.

O escenario da África anticolonial ábrese para os cubanos a principios de 1962, en pleno illamento continental tras a expulsión da OEA e o bloqueo estadounidense. Foi en febreiro de 1962 cando Fidel Castro expuxo as novas posturas da revolución na coñecida como *Segunda Declaración de La Habana*. Cuba situábase nun novo eixo estratéxico: os soviéticos eran un aliado indispensable polas súas axudas militares e económicas, pero o marxismo revolucionario cubano proclamaba a necesidade dunha esquerda mundial que recoñecera formas de dominación alén da de clase, inclinando o movemento comunista cara as loitas anticoloniais africanas, antiimperialistas como Vietnam, e contra todo poder que non emanase directamente da soberanía do pobo, como ocorría en numerosos países latinoamericanos. A boa acollida desta nova postura non se fixo esperar na Nova Esquerda latinoamericana, en Vietnam, no Front de Libération National (FLN) de Alxeria ou en gobernos africanos como o de Ahmed Sekou Touré (Rojas, 2015: 135). Este último, o primeiro presidente africano en visitar Cuba tras 1959, gobernaba a antiga Guinea francesa tras rachar coa independencia paulatina e pactada proposta dende a metrópole. Para a revolución cubana foi un aliado fundamental ao longo desta década: recoñeceu á revolución internacionalmente, facilitou a actividade diplomática cubana en Conakry e permitiu, tras a Tricontinental, as operacións cubanas de apoio ao PAIGC (Gleijeses, 2007: 290-293).

Tirando do fío da descolonización francesa chegamos, inevitablemente, ao conflito armado alxerino. Alxeria é un caso especial para Cuba por moitos motivos, por exemplo polas noticias que antes de 1959 xa chegaban a Cuba sobre a insurrección alxerina e viceversa. Coñecer o caso de Alxeria axudou a que, en outubro de 1961, Castro enviara a Jorge Masetti en calidade de intermediario co FLN, acordando un envío de armamento e a recepción en hospitais cubanos de guerrilleiros alxerinos feridos. Isto ocorría meses antes da *Segunda Declaración de La Habana* e xusto despois da agrupación, en xuño de 1961, da intelixencia cubana no Ministerio do Interior, embrión do que será a Dirección General de Inteligencia (DGI) dirixida por Manuel Piñeiro (Gleijeses, 2007: 55-56; Kruijt, 2017: 85). Tras a independencia de Alxeria en xullo de 1961, o presidente Ahmed Ben Bella desprazouse de Nova York a La Habana para agradecer aos cubanos a súa axuda. En plena crise cos EUA, a visita de Ben Bella deu ás á posición cubana e contribuíu a que esta se erixise en baluarte das novas esquerdas armadas antiimperialistas. A consolidación deste panorama no continente africano chegou en 1963 coa apertura da embaixada cubana en Alxer (Serguera, 2008: 31-51). O país norteafricano era naquel momento un lugar de acollida, reunión e organización de múltiples grupos políticos anticoloniais e de esquerda maioritariamente africanos (Byrne, 2016). Estes militantes e diplomáticos atoparon unha canle de comunicación rápida e moderadamente eficaz co goberno e a intelixencia cubana, convertendo á embaixada nun club terceiromundista (Serguera, 2008: 39).

Ao calor das crecentes actividades cubanas en África dáse a viaxe de Guevara por países subsaharianos e árabes. Non era o primeiro desprazamento do líder revolucionario en calidade de representante cubano, pois con anterioridade tiña viaxado a reunións da OEA, a convencións da ONU e a países comunistas europeos. Incluso visitou Alxeria pouco despois de dar comezo a primeira misión médico-militar alí. En decembro de 1964 chega Guevara a Alxer, de onde parte con Serguera a Mali, Congo Brazzaville, Guinea Conakry, Ghana e Dahomey antes de volver para Alxeria. De aí a China durante pouco máis dunha semana e o 9 de febreiro recupera o percorrido africano parando en Tanzania, Exipto, Alxeria e de novo Exipto. En palabras de Serguera (2008: 262):

En todos estos países la conversación giró sobre el mismo tema: el subdesarrollo, y los subtemas: situación económica del país, estado de las inversiones, relación con la ex metrópolis, interferencia norteamericana, apoyo y ayuda del Campo Socialista, reflejo de la contradicción chino-soviética, los gobiernos «fantoques», el tercermundismo, el no alineamiento y el afroasiatismo anticolonial y la política de la Organización de la Unidad Africana (OUA).

Non obstante, o interese de Guevara estaba posto no centro do continente africano, nun territorio que xa na Conferencia de Berlín modulara o expansionismo territorial dos grandes imperios e que nos sesenta marcaba os límites das conquistas anticoloniais pacíficas: o antigo Congo belga<sup>5</sup> era, tras o asasinato de Patrice Lumumba, a fronteira intransitable que o neocolonialismo impoñía á soberanía africana. Guevara estaba convencido de que unha vitoria no Congo levaría a revolución ao resto do continente (Taibo II, 1996: 507-527). O seu rotundo fracaso, provocado principalmente polo absoluto descoñecemento xeográfico, cultural e político da rexión, non lle serviu para cuestionar a validez da idea, repetíndoa no centro do continente americano dous anos despois.

A posta en funcionamento da misión de Guevara aparece detallada en diversos traballos biográficos (Anderson, 2006; Taibo II, 1996) e nos seus diarios (Taibo II, Escobar e Guerra, 1995). Aquí interesa sinalar que, para darlle forma, foi necesaria a actuación de tres das máis importantes misións diplomáticas cubanas en África. En Alxer, da man de Jorge Serguera, tivo lugar a primeira toma de contacto entre un cubano e os líderes guerrilleiros Gbenye e Sumaliot (Serguera, 2008). A alianza coa República Popular do Congo permitiu recibir nas súas costas aos barcos cubanos que, chegado o momento, tiñan a misión de intervir en apoio ao avance de Guevara dende o oeste (Gleijeses, 2007: 252-256). E, finalmente, a embaixada en Tanzania, da man de Pablo Rivalta, encargouse de organizar as reunións entre cubanos e congoleses en Dar es-Salaam, de identificar o terreo, de conseguir os medios para atravesar o lago Tanganika e de conservar unha retagarda segura para os cubanos, mantendo sempre nun nivel cordial as relacións co goberno socialista tanzano de Julius Nyerere (Taibo II, Escobar e Guerra, 1995; Gleijeses, 2007: 171-179).

O fracaso no Congo a finais de 1965 coincidía coa organización da Tricontinental. Quedou constancia do malestar no continente africano ante a intervención cubana en asuntos internos doutros países (Taibo II, 1996: 592-593). A queixa proviña de Estados independentes cos que Cuba comeza a ter problemas polas diferentes interpretacións da loita antiimperialista. Algúns deles, como Exipto, eran os antigos representantes do anticolonialismo de Bandung (Bouamama, 2016: 53-67). O conflito terá continuidade na Tricontinental, a pesar de que os preparativos a cargo de Mehdi Ben Barka impedían, ata o seu asasinato, problemas inesperados (Bouamama, 2016: 71-75).

## AS ORIXES DO ANTICOLONIALISMO PORTUGUÉS E OS CUBANOS

O contexto de crise que acompañou ao mantemento do sistema colonial tras a Segunda Guerra Mundial non foi alleo ao caso portugués. Mentres nas colonias se desenvolvían as formas tradicionais de resistencia ao colonialismo (Osterhammel e Jansen, 2019: 71-75), a ditadura portuguesa recibiu nas súas cidades, nun tímido intento por renovar a súa cuestionada imaxe exterior, un significativo número de estudantes das colonias. Para impedir a organización de núcleos opositores, o Estado Novo converteu as diversas Casas de inmigrantes e estudantes, creadas ao calor das novas formas de socialización entre os chegados das colonias, nunha institución única e centralizada. Esta decisión estaba pensada para favorecer a asimilación, controlar a actividade das Casas e impedir as agrupacións por países. A Casa dos Estudantes do Império (CEI)<sup>6</sup> foi creada en 1944. Ao contrario da imaxe percibida polas autoridades, na CEI xermolaron células por países e revistas<sup>7</sup> nas que os máis activos e interesados integrantes compartían poesía, historia, arte, cultura e noticias sobre África e os seus lugares de orixe.

Tanto as revistas como a Casa pechan en 1952 a consecuencia das acusacións proferidas polo Estado Novo sobre supostas infiltracións comunistas nas actividades. Isto deu ás á xeración máis nova conformada por Amílcar Cabral, Agostinho Neto, Alda Espírito Santo e Mário Pinto de Andrade, entre outros. A comezos dos cincuenta participan da creación do Centro de Estudos Africanos (CEA) e do Clube Marítimo Africano, espazos de formación alternativa de recente importancia tras o peche da CEI (Mateus, 1999: 65-79). O CEA deixou de funcionar tras uns poucos anos, entre 1953 e 1954, ao entender os seus integrantes que finalizaran a súa etapa formativa. En 1957 o CEI volvía abrir as súas portas retomando as reunións, as actividades e as revistas. Unha nova xeración de estudantes máis sensibilizados co incipiente conflito anticolonial recibiría alí e noutras cidades europeas a formación política e cultural que líderes como Amílcar Cabral

<sup>5</sup> Chamado inicialmente Congo Leopoldville, Zaire despois e, na actualidade, República Democrática do Congo. Neste artigo será simplemente «Congo». Non confundir co Congo Brazzaville, antiga colonia francesa, República Popular do Congo despois e República do Congo hoxe.

<sup>6</sup> Para unha visión xeral da Casa, acompañada de detallados estudos parciais e a fundamental perspectiva comparativa con outros casos coloniais europeos, ver Castelo e Jerónimo (2017).

<sup>7</sup> *Meridiano* (1947-1953) e, especialmente, *Mensagem* (1948-1952, retomada en 1957). Desta última ver o número especial publicado en 1996, onde antigos participantes e historiadores reflexionan sobre a historia da CEI e da revista, ver Borges et al. (1997).

consideraban indispensable (Moreno, 2016). Así, o retome de actividades do CEI coincide non só co final da etapa formativa do CEA e coa chegada dunha nova xeración de estudantes, senón tamén coa partida para África da primeira xeración de militantes formados nas súas sesións que, de contado, comezaron a organización clandestina dos movementos de liberación (Borges, 2019: 39-42).

As colonias recibían grupos de xente nova moi preparada. Os obxectivos políticos eran simples pero claros: a independencia, a construción da nación e o rexeitamento ás inxerencias estranxeiras. O socialismo tamén foi parte fundamental dos estudantes, integrándoo como horizonte político das organizacións das que participaron e avanzando na súa teorización con propostas e análises propias. A praxe revolucionaria evolucionou máis radicalmente: tras deixar Lisboa, a oposición tradicional afanábase por conquistar a independencia total baixo as directrices hexemónicas do momento. As experiencias de Ghana, Guinea Conakry ou Exipto, e a influencia dos acordos da Conferencia de Bandung, defendían e promulgaban mobilizacións populares pacíficas dirixidas por destacados líderes como Sékou Touré, Kwame Nkrumah, Nasser ou Lumumba. Esta proposta mostrouse obsoleta axiña, pois necesitaba da colaboración dos colonizadores: Portugal non accedía, sequera, á concesión gradual de independencia, pois consideraba, como a ditadura franquista, que as colonias eran parte do seu territorio nacional (Rosas, 2019: 242-252). As propostas foron desoídas, o diálogo prohibido e a vía negociada cara a descolonización esgotou as súas posibilidades (Mateus, 2012). Eran os primeiros anos da década dos sesenta, cando o triunfo da revolución cubana chegaba a oídos de todos, a guerra de liberación de Alxeria radicalizaba e inspiraba ao movemento anticolonial e o asasinato de Lumumba demostraba a ineficacia das descolonizacións pactadas e os intereses imperialistas dos EUA. As organizacións anticoloniais socialistas contemplaron entón a posibilidade de levar a oposición pacífica á oposición armada.

Alén das máis importantes actividades cubanas en Alxeria e no Congo, hai outra serie de cuestións relativas ao conflito colonial portugués que aclaran o escenario común antiimperialista que propicia a chegada da Conferencia Tricontinental. O PAIGC comeza a súa actividade armada en 1963 dende as bases establecidas na veciña Guinea, país onde meses despois teñen lugar reunións con diplomáticos da embaixada cubana. Serguera relata un encontro anterior, próximo ao inicio da loita armada, no que Cabral solicita «nuestro apoyo y ayuda. Según él [Cabral], la lucha en Guinea Bissau estaba bien vertebrada y los portugueses no podían resistir ni soportar aquello durante mucho tiempo» (Serguera, 2008: 82-83). Cabral utiliza o encontro cun representante cubano para solicitar apoio militar para a súa incipiente insurrección armada, porque sabe do interese cubano por expandir fronteiras de loita anticoloniais ou, cuestionando o relato de Serguera, porque os cubanos ofrecían con suma facilidade armamento a aquelas organizacións coas que identificaban lazos ideolóxicos. En calquera caso, dende a axuda aos alxerinos en 1962, a revolución cubana xorde como un aliado da revolución armada. Despois deste episodio Cuba abre embaixada en Conakry e militantes do PAIGC viaxan a Cuba para estudar e recibir adestramento militar (Gleijeses, 2007: 186-188).

As embaixadas foron un elemento fundamental para os primeiros contactos entre guerrilleiros africanos e cubanos. Unha vez máis cómpre sinalar á embaixada alxerina para falar, neste caso, do Congo Brazzaville. O presidente desta identificábase como marxista-leninista e mostrou, segundo Serguera, interese por abrir relacións diplomáticas con Cuba. Para os cubanos resultou fundamental, en primeiro lugar por compartir fronteira co Congo, onde meses despois combaterían máis de cen cubanos e Guevara; e en segundo lugar, por acoller a unha parte importante da dirección do MPLA. Serguera visita a Agostinho Neto, a quen xa coñece de Alxer, para que o poña ao corrente das súas intencións. Máis adiante asistimos a un novo encontro, desta vez de Neto e Lúcio Lara con Guevara. As boas impresións causadas no arxentino das que Serguera deixa constancia non se corresponden co desinterese mostrado por Guevara ante as perspectivas dunha insurrección no Congo (Serguera, 2007: 246, 294-296; Anderson, 2016; Taibo II, 1995). Os angolanos dicían querer «instructores cubanos por el prestigio de la revolución cubana y porque su teoría sobre la guerra de guerrillas era muy cercana a la nuestra» (Gleijeses, 2007: 135)<sup>8</sup>. A pesar das opinións de Guevara, e da súa obcecación co Congo, a DGI e Castro ven no MPLA un movemento moi acorde á liña cubana. Aproveitando a operación de apoio ao Congo Brazzaville e aos combatentes do Congo, envían un continxente militar liderado por Jorge Risquet e Rafael Moracén que terá entre os seus cometidos o adestramento de columnas guerrilleiras do MPLA (Gleijeses, 2007: 174-183).

<sup>8</sup> A cita no texto de Gleijeses correspóndese, a súa vez, cunha cita textual da entrevista que o investigador italiano realiza a Lúcio Lara, militante do MPLA e integrante da CEI e da CEA en Lisboa.

Moi diferente foi o caso da FRELIMO, condicionado a non prosperar dende a primeira toma de contacto cos cubanos debido ás discrepancias entre os líderes da organización e Guevara. A reunión foi organizada en Tanzania, retardada operacionalmente da guerrilla, durante a viaxe do Che a principios de 1965. A participación na insurrección no Congo non convencia aos mozambicanos, máis interesados en recibir instrución militar en Cuba e combater no seu propio territorio (Gleijeses, 2007: 137-141). No seu diario Guevara non se refire a eles como revolucionarios, preferindo un irónico e ata despectivo «freedom fighters» (Guevara, 1999). A partir deste momento pérdese a pista da relación cos mozambicanos. A excepción é a súa presenza na Tricontinental, cunha delegación encabezada por Marcelino dos Santos, un dos máis importantes líderes da FRELIMO e secretario xeral da Conferencia das Organizacións Nacionalistas das Colónias Portuguesas (CONCP).

### **REVOLUCIÓN, TERCEIROMUNDISMO E TRICONTINENTAL**

As bases revolucionarias terceiromundistas foron modelándose durante anos. Entrando nos anos sesenta, as estratexias de liberación baseadas na loita armada eran practicadas ou defendidas só por unha parte do basto mundo anticolonial afroasiático. As redes de loitas multiplicáronse cando a revolución cubana comezou a crear as súas propias polo continente africano. A crecente implicación cubana neste espazo anticolonial afroasiático, a proliferación das guerrillas latinoamericanas de inspiración foquista e o ambivalente papel entre a URSS e China como novo referente da esquerda, propiciaron unha maior influencia cubana no Terceiro Mundo e posibilitaron a celebración dunha gran reunión en La Habana. En 1966 a Conferencia Tricontinental xurdía, para os cubanos, como o evento que crearía unha rede grande e estable de revolucionarios capaz de levar a cabo unha insurrección mundial contra o imperialismo.

Das tres delegacións que representaban ás organizacións das colonias portuguesas destacou a do PAIGC pola intervención de Amílcar Cabral cun dos discursos menos compracentes da Conferencia. Nel defendía, entre outras cousas, a necesidade dun antiimperialismo militante capaz de revolucionar a orde política, cultural e económica de calquera país mediante o exercicio da loita armada de liberación nacional. A súa intervención en La Habana, editada en diversas ocasións tras a súa morte baixo o nome «A arma da teoría», deixou fragmentos claros ao respecto:

Para nós, o fundamento da libertação nacional, sejam quais forem as formulações adotadas no plano jurídico internacional, reside no direito inalienável de cada povo a ter a sua própria história: e o objetivo da libertação nacional é a reconquista desse direito usurpado pelo imperialismo, isto é, a libertação do processo de desenvolvimento das forças produtivas nacionais. Por isso, em nossa opinião, qualquer movimento de libertação nacional que não tem em consideração esse fundamento e esse objetivo, pode lutar contra o imperialismo, mas não estará seguramente lutando pela libertação nacional (Cabral, 1980: 34).

A evolución ideolóxica de Cabral dende que participa na CEI ata a Tricontinental, estudada a través das súas biografías e de recentes aproximacións ao seu pensamento (Rabaka, 2014; Sousa, 2016; Barros e Lopes, 2019; Barros e Santos, 2020), axuda a identificar as similitudes entre as súas propostas e aquelas defendidas polos cubanos. A liberación nacional foi un dos puntos clave. Nas exposicións e debates sobre historia africana realizadas na súa etapa estudantil lisboeta foi xermolando a reivindicación da historia e da cultura nacional, facendo da identidade guineana-caboverdiana e da defensa da soberanía nacional bases imprescindibles para o triunfo da liberación nacional. Cabral argüía que todo movemento que non centrarse o seu desenvolvemento na condición interna do conflito fracasaría. No marxismo atopou teorías sobre a desigualdade social, económica e cultural e sobre a dominación, que modificou para adaptalas ao contexto colonial, pois poñía en dúbida a validez das teorías da loita de clases como motor da historia e propoñía, dende o marxismo, unha que considerase a dominación colonial, é dicir nacional e de clase, como o núcleo de calquera proposta mobilizadora do Terceiro Mundo. E, cando o PAIGC abandona a oposición pacífica en beneficio da insurrección armada, a teoría revolucionaria que Cabral formula para organizala orientábase cara a creación de zonas liberadas mediante a insurrección rural ata acadar a independencia total. Unha proposta orixinal e adaptada á Guinea pero nun contexto de ampla repercusión das experiencias de loita armada rural chinesa e cubana, así como dos casos alxerino e vietnamita.

### **CONCLUSIÓNS**

Existen moitos problemas para sequera intentar dar unha resposta adecuada á pregunta que propón este traballo. Podemos ou non podemos falar dunha cultura revolucionaria cubana capaz de chegar a África? Máis que elementos concluíntes sobre a cuestión, poden suxerirse camiños

para ampliar o tema de estudo. O que resulta seguro polas evidencias mostradas en diversas investigacións é que Cuba xogou un papel importante no desenvolvemento da esquerda armada en África. A explicación sinxela é que isto foi así porque Cuba proporcionaba armas e visibilidade a estas organizacións e, polo tanto, estas e os cubanos formaban parte dunha mesma comunidade transnacional antiimperialista. Pero non é suficiente. Aceptar esta afirmación tan simple supón reducir toda a complexidade do pasado ao interese de determinadas organizacións na axuda cubana e á condición política expresada polos protagonistas nun momento concreto como a Tricontinental. Dar por feitas, obvias ou lóxicas as dinámicas históricas e humanas polas que transcorre a creación deste marco cultural revolucionario implica negar as causas e a existencia do mesmo.

Un exemplo pode axudar a entender o problema: a «débeda histórica con África» que os cubanos tiñan co pobo angolano como consecuencia do pasado escravista do colonialismo e como afectou á alteración do relato. A intervención de 1975 en Angola<sup>9</sup> xustificouse coa forza retórica dun retorno antillano, da volta dos descendentes dos escravos para loitar contra o apartheid e o imperialismo, idea xa esgrimida polo propio Cabral na Tricontinental e que, tras 1975, será incorporada ao relato das experiencias cubanas en África durante os sesenta. Este elemento pode confundir ao observador do pasado facéndolle pensar que esta idea vertebrou toda actividade cubana no continente africano. Dunha maneira semellante a como podería trabucarse se pensa no antiimperialismo da Tricontinental como nexo inquebrantable entre Cuba e os participantes. A maiores de ser cuestionable, non axuda a comprender a formación do antiimperialismo e, moito menos, a explicar o rápido colapso do proxecto Tricontinental. Cómpre atender ás orixes e á evolución das identidades, ás redes transnacionais de tradución e intercambio de textos, aos contextos de oportunidades de cada organización, aos debates internos en torno á loita armada, ás dificultades organizativas a nivel internacional e tamén ao carácter fortuito de moitas cuestións.

Outro nivel de análise é o da perspectiva comparada entre as experiencias e teorizacións revolucionarias dos cubanos e dos guineanos. A parte da experiencia, consistiría no estudo do desenvolvemento da loita armada en si, nunha análise na que dialoguen as estratexias de mobilización, as estruturas organizativas, os apoios sociais, a propaganda, o funcionamento das zonas liberadas, etc. A teórica orientaría a análise cara unha comparativa dos modelos propostos, tendo sempre presente as canles comunicativas e de diálogo que, directa ou indirectamente, houbo entre uns e outros: o campesiñado e a insurrección rural, socialismo e marxismo heterodoxo, marco rexional e internacional da loita e papel da nación na loita de liberación.

O último nivel comparativo, co que conclúe o artigo, volve unha vez máis aos traballos sobre a ondata revolucionaria en América Latina nos anos sesenta para o seu posible traslado a África. Este exercicio require identificar as modificacións que deben ser feitas para que un concepto formulado como a explicación da influencia cubana na aparición de organizacións latinoamericanas sexa válido para as organizacións anticoloniais africanas, sen alterar a estrutura fundamental que o dota de significado e sentido. Por exemplo, no caso latinoamericano o debate doutrinal sobre a revolución entre cubanos e partidos comunistas foi un factor fundamental para a expansión do marco cultural cubano. Mais no continente africano, no canto de darse cos partidos comunistas, o debate dábase co vello anticolonialismo dos primeiros países independentes, como o Exipto de Nasser, ou con concepcións teóricas sobre a identidade negra e africana, como as de Senghor. Non será posible coñecer a permeabilidade da revolución cubana como fenómeno catalizador en África ata a elaboración dunha comparativa entre a expansión internacional da revolución cubana e a evolución interna de certas organizacións, especialmente na evolución cara a loita armada. O estudo do papel cubano en África, con todo, deunos algunhas claves para comprender as pretensións cubanas cara África e o camiño que, en última instancia, levou ata a Tricontinental. Non significa isto que necesariamente existan diversas culturas revolucionarias cubanas, senón que nuns contextos poden predominar máis a visibilidade, o apoio a as alianzas con organizacións da esquerda armada, e noutros casos foi o desenvolvemento dunha nova estratexia revolucionaria e novos repertorios de acción os que favoreceron a condición da revolución cubana como evento transformador.

## REFERENCIAS

- ARTARAZ, Kepa: *Cuba y la Nueva Izquierda: una relación que marcó los 60*. Buenos Aires: Capital Intelectual, 2011.
- ANDERSON, Jon Lee: *Che Guevara, una vida revolucionaria*. Barcelona: Anagrama, 2016.

<sup>9</sup> Sobre a segunda parte desta intervención véxase Glejjeses (2013).



- BARROS, Víctor; LOPES, Rui: «Amílcar Cabral and the Liberation of Guinea-Bissau and Cape Verde: International, Transnational, and Global Dimensions», *International History Review* 42 (6), 2019, pp. 1230-1237.
- BARROS, Víctor; SANTOS, Aurora Almada: «Introduction. Amílcar Cabral and the Idea of Anticolonial Revolution», *Lusotopie* 19, 2020, pp. 9-35.
- BORGES, P. et al. (coord.): *Mensagem. Casa dos Estudantes do Império 1944-1994*. Número especial. Lisboa: ACEI, 1997.
- BORGES, Sónia Vaz: *Militant education, liberation struggle, consciousness. The PAIGC education in Guinea Bissau 1963-1978*. Berlin: Peter Lang, 2019.
- BOUAMAMA, Saïd: *La Tricontinentale. Les peuples du Tiers-Monde à l'assaut du ciel*. Geneve/Paris: Éditions du Cetim/Syllepse, 2016.
- BYRNE, Jeffrey James: *Mecca of revolution: Algeria, decolonization, and the Third World order*. New York: Oxford University Press, 2016.
- CABRAL, Amílcar: *A arma da teoria*. Río de Janeiro: Codecri, 1980.
- CALVO, Patricia: *¡Hay un barbudo en mi portada! La etapa insurreccional cubana a través de los medios de comunicación y propaganda 1952-1958*. Madrid: Iberoamericana/Vervuert, 2021.
- CASTELO, Cláudia; JERÓNIMO, Miguel Bandeira (org.): *Casa dos Estudantes do Império. Dinâmicas coloniais, conexões transnacionais*. Lisboa: Edições 70, 2017.
- GUERRA, Sergio; MALDONADO, Alejo: *Historia de la revolución cubana*. Tafalla: Txalaparta, 2009.
- GUEVARA, Ernesto: *Obra revolucionaria*. Prólogo y selección de Roberto Fernández Retamar. México DF: Ediciones Era, 1967.
- GUEVARA, Ernesto: *Pasajes de la guerra revolucionaria: Congo*. Barcelona: Mondadori, 1999.
- GLEIJESES, Piero: *Misiones en conflicto. La Habana, Washington y África. 1959-1976*. La Habana: Editorial de Ciencias Sociales, 2007.
- GLEIJESES, Piero: *Visions of Freedom: Havana, Washington, Pretoria, and the Struggle for Southern Africa, 1976-1991*. Chapel Hill, NC: University of North Carolina Press, 2013.
- GONZÁLEZ CALLEJA, Eduardo: «Las oleadas históricas de la violencia terrorista: una reconsideración», *Revista de Psicología Social* 24 (2), 2009, pp. 119-137.
- GONZÁLEZ CALLEJA, Eduardo: *Asalto al poder. La violencia política organizada y las ciencias sociales*. Madrid: Siglo XXI, 2017.
- GONZÁLEZ LAGE, Valeria: «Camino al socialismo: evolución ideológica de la Revolución Cubana». Patricia CALVO GONZÁLEZ, *Discursos e ideologías de derechas e izquierdas en América Latina y Europa*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 2012, pp. 53-72.
- GOSSE, Van: *Where the boys are? Cuba, Cold War, America and the making of a new left*. Londres: Verso, 1993.
- KAPCIA, Antoni: *Cuba in Revolution: a History since the fifties*. Londres: Reaktion Books, 2008.
- KRUIJT, Dirk: *Cuba and Revolutionary Latin America. An Oral History*. London: Zed Books, 2017.
- LARANJEIRO, Catarina: «The Cuban Revolution and the Liberation Struggle in Guinea-Bissau: Images, Imaginings, Expectations and Experiences», *The International History Review* 42 (6), 2019, pp. 1319-1338.
- MARTÍN ÁLVAREZ, Alberto; REY TRISTÁN, Eduardo: «La oleada revolucionaria Latinoamericana contemporánea, 1959-1996. Definición, caracterización y algunas claves para su análisis», *Naveg@merica. Revista electrónica de la Asociación Española de Americanistas* 9, 2012, pp. 1-36.
- MARTÍN ÁLVAREZ, Alberto; REY TRISTÁN, Eduardo: «La dimensión transnacional de la izquierda armada», *América Latina Hoy* 80, 2018, pp. 9-28.
- MATEUS, Dalila Cabrita: «A guerra colonial e o 25 de abril». Raquel VARELA, *Revolução ou Transição? História e Memória da Revolução dos Cravos*. Lisboa: Bertrand, 2012.
- MATEUS, Dalila Cabrita: *A luta pela independência. A formação das elites fundadoras da FRELIMO, MPLA e PAIGC*. Mira, Sintra, Mem Martins: Editorial Inquérito, 1999.
- McADAM, Dough; McCARTHY, John D.; ZALD, Mayer N.: *Movimientos sociales: perspectivas comparadas*. Madrid: Istmo, 1999.
- MORENO, José A.; LARDAS, Nicholas O.: «Integrating international revolution and detente: The Cuban case», *Latin American Perspectives* 6 (2) , 1979, pp. 36-61.
- MORENO, Helena Wakim: «A Casa dos Estudantes do Império. Historias e embates (1944-1965) », *Revista Poder & Cultura* 3 (6) , 2016, pp. 188-204.
- NIÑO, Antonio: «Uso y abuso de las relaciones culturales en la política internacional», *Ayer* 75 (3) , 2009, pp. 25-61.
- OSTERHAMMEL, Jürgen; JANSEN, Jan C.: *Colonialismo. Historia, formas, efectos*. Madrid: Siglo XXI, 2019.
- PÉREZ-STABLE, Marifeli: *La revolución cubana. Orígenes, desarrollo y legado*. Madrid: Colibri, 1993.
- RABAKA, Reiland: *Concepts of Cabralism*. London: Lexington Books, 2014.
- REY, Eduardo: «Del etapismo a la inmediatez. Debates en torno a la idea de revolución en América Latina a partir de 1959», *SEMATA, Ciencias Sociais e Humanidades* 28, 2016, pp. 363-388.
- ROJAS, Rafael: *Historia Mínima de la Revolución Cubana*. Madrid: Turner Publications, 2015.
- ROJAS, Rafael: *Traductores de la utopía. La Revolución Cubana y la Nueva Izquierda de Nueva York*. México D.F.: Fondo de Cultura Económica, 2016.
- ROSAS, Fernando: *Salazar e os Fascismos*. Lisboa: Tinta da China, 2019.
- SERGUERA, Jorge: *Che guevara: la clave africana*. Jaén: Liberman, 2008.

- SNOW, David A.; BENFORD, Robert D.: «Master frames and cycles of protest». Aldon D. MORRIS; Carol McClURG (eds.), *Frontiers in social movement theory*. New Haven: Yale University Press, 1992.
- SOUSA, Julião Soares: *Amílcar Cabral (1924-1973). Vida e Morte de um Revolucionário Africano*. Coimbra: Edição de Autor, 2016.
- TAIBO II, Paco Ignacio; ESCOBAR, Froilán; GUERRA, Félix: *El año que estuvimos en ninguna parte*. Tafalla: Txalaparta, 1995
- TAIBO II, Paco Ignacio: *Ernesto Guevara, también conocido como el Che*. Barcelona: Planeta, 1996.
- TARROW, Sidney: *El poder en movimiento. Los movimientos sociales, la acción colectiva y la política*. Madrid: Alianza, 1994.